



La repercusión del canon del agua, por parte de la Xunta de Galicia, podrá ser objeto de reclamación económico-administrativa ante la Junta Superior de Hacienda (Concejalía de Hacienda), en el plazo de un mes, desde que se entienda producida la notificación mediante padrón.

La publicación en el BOP de este anuncio, produce los efectos de notificación expresa al amparo de lo dispuesto en el artículo 102.3 de la Ley 58/2003, de 17 de diciembre, General Tributaria.

Período voluntario de ingreso: 11.05.2016, hasta 11.07.2016.

Lugar, días y horario de ingreso: oficinas municipales; lunes a viernes; de 09:00 a 14:00 horas.

Una vez transcurrido el período voluntario de pago establecido, las deudas pendientes se exigirán por la vía de apremio, con recargo, intereses de demora y las costas que se produzcan.

La falta de pago en período voluntario del canon de agua supondrá la exigencia de este directamente al contribuyente, por la vía de apremio por parte de la consellería competente en materia de hacienda de la Xunta de Galicia.

Boborás, 19 de mayo de 2016. El alcalde.

Fdo.: Cipriano José Caamaño Castro.

R. 1.568

Castrelo de Miño

Anuncio de anulación de convocatoria de licitación

En relación co expediente 255/2015 para o arrendamento dos locais da ala esquerda do inmoible situado no Parque Náutico e coñecido como Complexo de Turismo Náutico para destinalo a albergue turístico, cuxo anuncio se publicou o 30 de abril no BOP n.º 99, comunícase que a dita licitación queda sen efecto toda vez que a Xunta de Goberno, na sesión realizada o 20 de maio de 2016, acordou anulala á vista da nova regulamentación dos albergues turísticos contida no Decreto 48/2016 e publicado no DOG do 4 de maio, que modificaría a clasificación segundo o número de prazas ofertadas polo concello e contidas nos pregos.

Castrelo de Miño, 23 de maio de 2016. O alcalde.

Asdo.: Xurxo Rodríguez Méndez.

Anuncio de anulación de convocatoria de licitación

En relación con el expediente 255/2015 para el arrendamiento de los locales del ala izquierda del inmueble ubicado en el Parque Náutico y conocido como Complejo de Turismo Náutico para destinarlo a albergue turístico, cuyo anuncio se publicó el 30 de abril en el BOP n.º 99, se comunica que dicha licitación queda sin efecto toda vez que la Junta de Gobierno, en la sesión celebrada el 20 de mayo de 2016, acordó anularla a la vista de la nueva reglamentación de los albergues turísticos contenida en el Decreto 48/2016 y publicado en el DOG de 4 de mayo, que modificaría la clasificación según el número de plazas ofertadas por el ayuntamiento y contenidas en los pliegos.

Castrelo de Miño, 23 de mayo de 2016. El alcalde.

Fdo.: Xurxo Rodríguez Méndez.

R. 1.651

Maceda

Anuncio

Convocatoria para a contratación de socorristas para a piscina municipal.

1. Número de prazas: dúas.
2. Modalidade de contratación: obra ou servizo de duración determinada.
3. Duración do contrato: ata o 15 de setembro de 2016.

4. Sistema de selección: concurso.

5. Prazo de presentación de solicitudes: cinco días hábiles, contados desde o seguinte á publicación deste anuncio no BOP. Na mesma data e horario poderán consultarse as bases.

Maceda, 20 de maio de 2016. O alcalde.

Anuncio

1. Número de plazas: dos.

2. Modalidad de contratación: obra o servicio de duración determinada.

3. Duración del contrato: hasta el 15 de septiembre de 2016.

4. Sistema de selección: concurso.

5. Plazo de presentación de solicitudes: cinco días hábiles, contados desde el siguiente a la publicación del presente anuncio en el BOP.

En la misma fecha y horario podrán consultarse las bases.

Maceda, 20 de mayo de 2016. El alcalde.

R.1.574

Mancomunidad de Municipios Terra de Celanova

Anuncio

Daniel Carnoto Espiño, secretario da Mancomunidad Terra de Celanova,

Certifico:

Que a Asemblea da Mancomunidad Terrade Celanova, na sesión realizada o día de 22 de abril de 2016, aprobou as bases da convocatoria para constituír bolsa de emprego, polo sistema de concurso para cubrir, mediante contrato temporal, postos vacantes nos distintos servizos da Mancomunidad Terra de Celanova.

E, asino esta certificación, para os efectos da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, co visto e prace do señor presidente en Celanova o día 24 de maio de 2016.

Unha vez elevadas a definitivas, publícanse como anexo a este anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Ourense

Anexo

Bases da convocatoria para constituír bolsa de emprego, polo sistema de concurso para cubrir, mediante contrato temporal, postos vacantes nos distintos servizos da Mancomunidad Terra de Celanova.

Primeira.- Obxecto da convocatoria

É obxecto da presente convocatoria a constitución dunha bolsa de emprego, polo sistema de concurso, que sirva para a contratación temporal de postos como persoal laboral desta Mancomunidad (contratos temporais polas causas legal e regulamentariamente establecidas). Non poderá recorrerse á bolsa da presente convocatoria para a contratación indefinida con carácter fixo, para o que será precisa a aprobación dunha convocatoria específica. As prazas obxecto da convocatoria intégranse dentro de todos os grupos e niveis de complemento de destino, conforme co Convenio Colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia. O sistema de concurso xustifícase pola conveniencia de que o persoal seleccionado conte coa experiencia práctica adecuada para as funcións relacionadas coas tarefas e labores propios destes postos.

Segunda.- Modalidade e duración dos contratos.

Os contratos obxecto da presente convocatoria serán de duración determinada mentres dure a situación para a que se crearon: baixa por ILT ou por maternidade, vacacións, acumulación de tarefas, etcétera.



Terceira.- Condicións que deben cumprir os aspirantes e incompatibilidades

Para participar nas probas de selección que se convocan, será necesario reunir os seguintes requisitos:

a) Ser español ou nacional dun estado membro da Unión Europea ou dun estado ao que, en virtude de tratado internacional celebrado pola Unión Europea e ratificado por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos que esta se acha definida no Tratado Constitutivo da Comunidade Europea, ou ser cónxuxe ou descendente daqueles, ou estranxeiro, en ambos os casos, nos termos previstos no artigo 57 da Lei 7/2007

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

c) Ter cumpridos, na data da convocatoria, os dezaseis anos de idade.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Estar en posesión do título para cuxo nivel se concurre, expedido polo Estado Español ou debidamente homologado. Os aspirantes deberán dispoñer das condicións establecidas no presente artigo ao momento de formular a súa solicitude e, en todo caso, antes da finalización do prazo de presentación de instancias.

Cuarta.- Incompatibilidades

Aqueles aspirantes que superen as probas selectivas quedarán sometidos ao réxime de incompatibilidade establecido pola Lei 53/1984, do 26 de decembro, e Real decreto 598/1985, do 30 de abril, que desenvolve a Lei de incompatibilidades.

Quinta.- Presentación de instancias, documentos acreditativos dos méritos e publicación de anuncios

1.- As instancias nas que se solicite participar nas probas selectivas, nas que os aspirantes deberán manifestar que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas, referidas sempre á data de expiración do prazo sinalado para a presentación de instancias e que se compromete a prestar xuramento ou promesa na forma legalmente establecida, dirixiránse ao presidente da Mancomunidad Terra de Celanova, conforme co modelo anexo ás presentes bases e presentaranse no Rexistro Xeral da Mancomunidad en horas de oficina.

2.- O prazo será de quince días naturais (15), contados a partir do seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

3.- Coa instancia os aspirantes achegarán o currículo e documentos acreditativos deste (orixinais ou compulsados), dos méritos que se sinalen. A falta de indicación na instancia e/ou a falta de acreditación de méritos xunto con ela, non será emendable e xerará de forma automática a non valoración destes. As instancias tamén poderán presentarse na forma que determina o artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Á instancia acompañarase: a) Fotocopia do DNI. b) Documentos xustificativos da valoración dos méritos establecidos nestas bases. Non se admitirán, para a valoración no concurso, ningún xustificante ou mérito que se acredite unha vez finalizado o prazo de presentación de instancias, aínda cando se refiran a feitos producidos con anterioridade á finalización do devandito prazo. Todos os restantes anuncios sobre o procedemento e trámites que se

xeren pola presente convocatoria ata a conclusión do procedemento selectivo expóranse no taboleiro de edictos da Mancomunidad Terra de Celanova.

Sexta.- Admisión de aspirantes

1.- Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia aprobará a lista dos opositores admitidos e excluídos, con indicación neste último caso da causa que a motiva. A dita resolución publicarase no taboleiro de edictos da Mancomunidad Terra de Celanova, concedéndose un prazo de 10 días, de acordo co disposto na Lei 30/1992, para que os aspirantes poidan presentar alegacións. Transcorrido o devandito prazo, aprobarase a lista definitiva que será feita pública no taboleiro de anuncios novamente da mancomunidad.

2.- Os erros materiais ou de feito que puidesen advertirse na lista poderán emendarse en calquera momento, de oficio ou a petición do interesado, de conformidade co disposto no artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Sétima.- Órgano de selección

O órgano ao que lle corresponderá a realización do proceso selectivo e proposta ao órgano competente, para a contratación temporal ou nomeamento, de conformidade co disposto no artigo 60 da Lei 7/2007, constituirase da seguinte forma:

- Tres empregados públicos das administracións públicas.

- Secretario: o da Corporación ou funcionario en quen delegue. Como órgano colexiado, o órgano de selección, ao momento das súa constitución, designará a presidencia e axustarase ao establecido nos artigos 22 a 77 da Lei 30/1992 e demais normas de xeral aplicación. A designación dos membros do órgano de selección incluírá a dos respectivos suplentes e farase público no taboleiro de edictos da mancomunidad. Todos eles deberán ostentar a titulación adecuada para garantir na súa composición os principios de profesionalidade e imparcialidade e, na súa actuación, os de independencia e discrecionalidade técnica, actuando sempre a título individual e non podendo ostentarse a modo de representación ou por conta de ninguén. Os compoñentes do órgano de selección deberán absterse de intervir e os aspirantes poderán recusalos cando concorreran as circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992 e demais normas relativas á posibilidade de formar parte dos órganos de selección. O órgano de selección non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros e está facultado para resolver as cuestións que puidesen suscitarse no desenvolvemento do concurso, e para adoptar os acordos necesarios para a debida orde deste, en todo o non previsto nestas bases. En todo caso, o órgano de selección poderá ser asistido, se así o estima oportuno, dalgún profesional especialista de calquera ámbito que teñan relación coa materia obxecto ou natureza das probas.

Oitava.- Fase do concurso e a súa puntuación

A fase de concurso consistirá nos méritos alegados documentalmente polos aspirantes conforme co seguinte baremo:

Por experiencia profesional:

Por traballos desenvolvidos nos concellos que forman a mancomunidad ou na mancomunidad como funcionario interino ou contratado laboral na especialidade obxecto da convocatoria, 0,25 puntos por cada mes completo de servizos prestados, cun máximo de 4,00 puntos, desprezándose as fraccións.

- Por traballos desenvolvidos nas administracións públicas como funcionario interino ou contratado laboral na especialidade obxecto da convocatoria, 0,25 puntos por cada mes completo de servizos prestados na administración pública, cun máximo de 3,00 puntos, desprezándose as fraccións.

- Por traballos no sector privado prestando servizos por conta allea ou propia na especialidade obxecto da convocatoria, 0,25 puntos por cada mes completo de traballo cun máximo de 3,00 puntos.



En todos os casos, os méritos deberán vir avalados mediante documentación ou certificación da administración ou empresa onde se prestaron e no caso concreto de servizos prestados en calquera empresa mediante contrato por conta allea, deberán-se presentar os contratos e/ou aqueles documentos oficiais que acrediten a súa duración, podendo documentarse de maneira complementaria ademais, mediante informe de vida laboral expedido polo INSS. No caso de servizos prestados por conta propia mediante a documentación que lle acredite como autónomo. O tribunal terá facultade para resolver as dúbidas que xurdan da súa aplicación e poderá tomar os acordos que correspondan para aqueles supostos non previstos nas bases.

Formación regrada. Máximo de 1,25 puntos.

Por finalizar un ciclo formativo de segundo grao ou universitario distinto ao esixido como requisito de acceso e relacionados coas funcións para desenvolver, coa seguinte valoración:

- Ciclo formativo de grao superior: 0,50 puntos.
- Diplomatura universitaria: 0,75 puntos.
- Grao universitario: 1 punto.
- Licenciatura universitaria: 1,25 puntos.

Non se valorarán de forma acumulativa.

Formación non regrada. Máximo de 0,75 puntos.

Pola participación como alumno en cursos de formación ou perfeccionamento convocados, organizados, impartidos ou homologados por institutos, escolas oficiais de formación, axentes sociais que estean directamente relacionados coas funcións da praza para cubrir, coa seguinte valoración para cada curso: de 11 a 40 horas, 0,10 puntos, de 41 a 60 horas, 0,15 puntos, de 61 a 90 horas, 0,20 puntos, de 91 a 120 horas, 0,30 puntos, de 121 en diante, 0,40 puntos.

En caso de non indicarse a duración do curso, valorarase con 0,10 puntos.

Novena.- Elaboración de bolsa de aspirantes

Concluída a fase de valoración dos documentos achegados, o órgano de selección elaborará a lista dos aspirantes establecendo a orde de prelación para o seu nomeamento. A puntuación final virá determinada pola suma total das puntuacións obtidas, segundo o baremo establecido na base oitava desta convocatoria, dirimíndose os posibles empates que puidesen producirse entre dous ou máis solicitantes, atendendo á maior puntuación obtida en cada un dos méritos indicados na base oitava, conforme coa orde en que aparecen enunciados nela. De persistir o empate atenderíase á orde alfabética dos apelidos dos concorrentes comezando pola letra "X", segundo o establecido no Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado. Os candidatos que resulten seleccionados non ostentarán dereito subsecutivo ningún ao nomeamento de laborais interinos, salvo nos casos en que sexa preciso para a administración levar a cabo o devandito nomeamento. A lista terá unha vixencia ata a convocatoria da oferta pública de emprego e será prorrogable por períodos anuais se así o acorda o órgano de contratación, salvo que no devandito período se realice unha nova convocatoria que deixaría sen efecto a anterior.

A lista de reserva ou bolsa de emprego, será utilizada para os casos en que proceda realizar contratacións temporais para prazas ou postos nos termos previstos na base primeira, e atendendo aos seguintes criterios:

a) Sistema de chamamento. O chamamento levarase a efecto por orde de puntuación nas bolsas de emprego. A chamada efectuarase por teléfono ou mediante correo electrónico, para cuxos efectos os integrantes deberán facilitar o teléfono ou correo electrónico de contacto. Os aspirantes que cambien de número ou datos do teléfono ou correo, deberán comunicarllo á Mancomunidad Terra de Celanova, servizo de persoal. Noutro caso, se efectuada a chamada ou envío de correo, transcorre

un prazo de 24 horas e non fose posible contactar co interesado ou non se recibise contestación deste tras térselle deixado aviso, pasarase ao seguinte da lista sen máis trámite.

b) Contratación. A contratación levarase a efecto cando xurdan as necesidades para as que está prevista a bolsa, para cuxos efectos se comezará por orde de puntuación. Se unha vez contratado temporalmente en réxime laboral un integrante da lista de reserva ou bolsa de emprego e, continuando vixente na súa relación de servizos, se producise nova necesidade de contratación temporal para outro posto, procederá contratar ao seguinte da lista por orde de puntuación, e así sucesivamente. Para a cobertura temporal de vacantes xeradas por excedencias, suspensión de contrato con reserva de posto, creación de prazas ata a súa cobertura definitiva ou situacións similares con previsión de longa duración, terán preferencia para a súa contratación os aspirantes por orde de puntuación, podendo cesar noutros contratos temporais con previsión de menor duración, para incorporarse aos postos anteriormente indicados.

c) Perda de dereito á contratación ou cambio de orde. Cando un aspirante fose requirido para a súa contratación e este a rexeitase sen causa xustificada, perderá o seu lugar na bolsa e pasará ao último lugar dela. Para tales efectos, enténdese por causa xustificada calquera das seguintes situacións:

- Situación de enfermidade ou asimilación a incapacidade temporal para o desempeño do traballo, con presentación do parte de baixa.

- Atoparse en situación de alta ou desempeñando postos de traballo noutras administracións ou empresas, con presentación do contrato de traballo. Nestes casos, pasará a ser requirido para a contratación o seguinte da lista, sen que para o futuro perda o seu lugar quen rexeitou a contratación por causa xustificada. Perderá a súa condición de membro da bolsa de emprego aquel aspirante que fose obxecto de sanción disciplinaria de despedimento ou suspensión para o posto obxecto da bolsa, ou fora condenado mediante sentenza xudicial firme á pena de inhabilitación absoluta ou especial ou procedese a suspensión por cumprimento de pena. Igualmente aplicaranse, para os efectos de perda de dereito a ser contratado ou cesamento, as restantes causas previstas na normativa sobre emprego público para o persoal interino. En todo caso, os integrantes da lista de reserva ou bolsa de emprego unicamente serán titulares dunha expectativa de dereito a ser contratados temporalmente, por orde de puntuación e nos termos indicados, para casos de vacantes que o precisen, mentres non se realice outro procedemento selectivo para cubrir as devanditas prazas tanto mediante contratación temporal como indefinida. A bolsa de emprego resultante do presente proceso selectivo deixará sen efecto calquera outra existente con anterioridade.

Décima.- Normas supletorias

No non previsto na presente convocatoria ateranse ao disposto na Lei reguladora de bases de réxime local 7/1985, do 2 de abril; RDL 781/1986, do 18 de abril; Lei 30/1984, do 2 de agosto, sobre medidas para a reforma da función pública; Real decreto 896/1991, do 7 de xuño; Real decreto 354/1995, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración do Estado, e demais disposicións vixentes.

Undécima.- Recursos

Contra as presentes bases, os interesados poderán interpoñer un recurso contencioso-administrativo, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, conforme co preceptuado nos artigos 57 e 58 da Lei da xurisdición contencioso-administrativa no prazo de 2 meses, tras a comunicación previa a esta mancomunidad. Celanova, 14 de abril de 2016. O presidente.

Asdo.: José Antonio Pérez Cortes.



Anexo I

Modelo de instancia

Don/a, maior de idade, con
residencia en (concello),
na rúa/praza/avenida número,
e teléfonos de localización,
provisto de DNI número

Manifesta:

Que tendo coñecemento da convocatoria para a creación, pola Mancomunidad Terra de Celanova, dunha bolsa de traballo para a contratación con carácter temporal de persoal que cubra as necesidades que xurdan no presente exercicio, declara:

Que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria.

- Que achega fotocopia compulsada do DNI.
- Que achega fotocopia compulsada das titulacións esixidas.
- Que achega fotocopia compulsada dos seguintes xustificantes dos méritos alegados para que sexan valorados polo tribunal, polo que,

Solicita ser admitido no servizo de, na selección mencionada e que se proceda á valoración dos méritos alegados por esta parte.

E para que así conste, asino esta solicitude en, de de 2016

Sinatura.

Sr. Presidente da Mancomunidad Terra de Celanova

Anexo II

Relación de servizos e postos de traballo adscritos á bolsa de emprego

- **Servizo de axuda no fogar**
 - Auxiliares de axuda no fogar *
- **Servizos sociais de base**
 - Educador social
 - Traballador social
- **Servizos administrativos**
 - Administrativo
 - Auxiliar administrativo
- **Servizo de bombeiros (non forestais)**
 - Bombeiro
 - Condutor motobomba
- **Servizo de recollida de lixo e voluminosos**
 - Condutor
 - Peón recollida
- **Servizo de rozadora**
 - Condutor
 - Peón

*Instancias ao posto de auxiliares de axuda no fogar do servizo de axuda no fogar, debido á dispersión xeográfica entre os concellos da mancomunidad, existe a posibilidade de priorizar, segundo proximidade dos concellos nos que desexaría realizar a actividade.